

NOME _____

DATA _____

Le ben as preguntas e elixe a opción correcta. Só hai unha opción válida en cada pregunta.

1. Cando a Terra esqueceu xirar, que movemento quedou interrompido?
 - a) Rotación.
 - b) Traslación.
2. En que parte da Terra as xentes, esgotadas, caían rendidas e durmían durante semanas?
 - a) Na parte onde sempre era día.
 - b) Na parte onde sempre era noite.
3. Na parte onde sempre era día, as plantas medraban e medraban porque...
 - a) podían fabricar osíxeno as 24 horas do día.
 - b) podían expulsar dióxido de carbono as 24 horas do día.
 - c) podían fabricar o seu propio alimento as 24 horas do día.
4. Que decidiron facer os habitantes das dúas partes da Terra para intentar resolver o problema?
 - a) Convocar un concurso de cociña.
 - b) Convocar un concurso de ideas.
 - c) Convocar un concurso de debuxo.
5. Os habitantes que vían o sol a todas horas eran...
 - a) moi altos, coa pel escura e os ollos moi pequenos.
 - b) cos ollos moi grandes, a pel moi branca e as orellas moi grandes.
6. Os habitantes onde nunca vían o sol eran...
 - a) moi altos, coa pel escura e os ollos moi pequenos.
 - b) cos ollos moi grandes, a pel moi branca e as orellas moi grandes.
7. A primeira solución que probaron foi...
 - a) intercambiar os seus teléfonos.
 - b) intercambiar os seus traballos.
 - c) intercambiar as súas vivendas.

8. Como se chamaba a nena que dicía ter a solución para facer xirar de novo a Terra?

- a) Lucerna.
- b) Lucía.
- c) Luceiro.

9. Cal fora a causa de que a Terra se detivera?

- a) A desigualdade entre os pobos.
- b) A desigualdade entre os animais.
- c) A desigualdade entre os transportes.

10. Cal foi a solución para que a Terra comezara a xirar outra vez?

- a) Collerse das mans e, todos xuntos, facer un corro.
- b) Collerse das mans e, todos xuntos, camiñar soprando na mesma dirección.
- c) Collerse das mans e, todos xuntos, tirar moedas.

